

- D. Jesús Vázquez Abad
- D^a Elena Muñoz Fonteriz
- D. Xoaquín Fernández Leiceaga

2º. Comunicar esta resolución ás deputadas e deputados e aos portavoces dos grupos parlamentarios.

3º. Dar conta desta resolución á Mesa do Parlamento na reunión prevista para o día 18 de novembro de 2019.

4º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 19 de novembro de 2019, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión plenaria específica o próximo día 19 de novembro de 2019, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 12 de novembro de 2019, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único. Designación de senadoras ou senadores representantes da Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 165.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia).

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución do 14 de novembro de 2019, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión dunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia, convocada por acordo da Mesa do Parlamento do 8 de xullo do 2019, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio



O tribunal nomeado por Resolución da Presidencia do 23 de outubro de 2019 (BOPG número 553, do 24.10.2019), para cualificar o proceso selectivo para a provisión dunha praza do corpo superior, convocada por acordo da Mesa do Parlamento do 8 de xullo de 2019 (DOGA núm. 142 do 29.08.2019), acordou, de conformidade co disposto na base 6.2, que o primeiro exercicio terá lugar o día 16 de decembro do 2019, luns, na sala dos Reis da planta 0 do edificio do Parlamento de Galicia, situado na rúa do Hórreo, número 63, en Santiago de Compostela, en chamamento único, que se iniciará ás 10.00 horas.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e bolígrafo negro ou azul.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do cal se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2019
Carolina Costoya Pardo
Presidenta do tribunal

